



¿Porqué unha Campaña sobre a infancia afectada polos conflictos armados?

Os nenos e nenas son as principais vítimas dos conflitos armados actuais.

Morren, resultan feridos ou mutilados, traumatizados, enferman, vense forzados a desprazarse ou a separarse das súas familias, fican orfos, son sometidos a abusos sexuais e en xeral convírtense en vítimas e testemuñas de todo tipo de violencia.

Algúns destes nenos e nenas, ademais de padecer os conflitos, vense obrigados a participar neles como soldados.

Desde Cruz Vermella queremos que os e as nenos/as e a xuventude coñezan esta situación.

Protexer a infancia debe ser unha prioridade para todos e todas en calquera circunstancia.



"COLOREANDO A PAZ" é unha Campaña de Sensibilización de Cruz Vermella sobre a infancia afectada polos conflitos armados, dirixida a nenos, nenas e mozos/as de 12 a 18 anos.

¿Cal é o obxectivo de "COLOREANDO A PAZ"?

O obxectivo de "COLOREANDO A PAZ" é sensibilizar, ao igual que concienciar, aos nenos e nenas, mozos e mozas sobre os problemas aos que se enfrenta a infancia afectada polos conflitos armados, para que sexan axentes de paz e reconstrucción, que fomenten a convivencia, o espallamento dos Dereitos Humanos e os valores humanitarios.




¿Como conseguilo?

- Dando a coñecer as consecuencias que teñen os conflitos armados sobre a infancia.
- Educando para a paz, a tolerancia, os valores humanitarios e o respecto dos dereitos da infancia.
- Animando a tódolos nenos e nenas, mozos e mozas a participar na procura de solucións que melloren a situación da infancia que vive en situación de conflito ou post-conflicto armado.



"COLOREANDO A PAZ" é máis que unha Campaña de Sensibilización.



A Conferencia Internacional "COLOREANDO A PAZ" sobre a Infancia Afectada polos Conflictos Armados terá lugar do 5 ao 7 de Novembro de 2003 en Valencia.

Exposición

Ao longo da Campaña recopílanse debuxos, poesías e outros materiais realizados por nenos, nenas e mozos/as de 12 a 18 anos do noso país, así como de países en conflito ou post-conflicto armado. Con eles organizarase unha exposición, coincidindo coa Conferencia Internacional.



Máis información en:
www.cruzrojajuventud.org
www.cruzroja.es





Coloreando a Paz

**Campaña de
SENSIBILIZACIÓN
sobre a infancia
AFECTADA POLOS
Conflictos Armados**



+ *Cruz Vermella Xuventude*